

SAL. 005744 07.06.12 09:45

O artigo 1.b) da resolución reitoral do 15 de abril de 2011 polo que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias nas titulacións de grao e master establece que poderán ser obxecto de recoñecemento con efectos no plan de estudos que se está cursando *"as competencias adquiridas a través da actividade profesional que sexa acreditada documentalmente, con informe favorable da comisión correspondente."*

A Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos, na súa sesión do 16 de novembro de 2011, acordou que "Para o recoñecemento da experiencia profesional deberán analizarse as competencias acreditadas polo/a solicitante, sen que sexa necesario acreditar o nivel académico equivalente da persoa que solicita o recoñecemento. Os órganos que teñan que pronunciarse sobre o recoñecemento profesional poderán realizar unha entrevista, ou arbitrar calquera outro sistema que permita profundizar no coñecemento e competencias adquiridas polos/polos solicitantes. Acórdase incorporar este acordo á normativa da USC". E por isto e para a aplicación xeral do dito acordo,

**este reitorado resolve:**

**UNICO.-** Para o recoñecemento da experiencia profesional no expediente académico dos estudos de grao ou master que este a cursar o alumno, deberán analizarse as competencias acreditadas polo/a solicitante, sen que sexa necesario acreditar o nivel académico equivalente da persoa que solicita o recoñecemento.

Os órganos que teñan que pronunciarse sobre o recoñecemento profesional poderán realizar unha entrevista, ou arbitrar calquera outro sistema que permita profundizar no coñecemento e competencias adquiridas polos/polos solicitantes.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2012



**O REITOR**



Juan J. Casares Long